

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**12529** *Real decreto lei 14/2013, do 29 de novembro, de medidas urxentes para a adaptación do dereito español á normativa da Unión Europea en materia de supervisión e solvencia de entidades financeiras.*

I

Durante os últimos anos, a inestabilidade do sistema financeiro mundial e, en particular, do español puxo de manifesto certas deficiencias na regulación financeira. Existe consenso internacional sobre o feito de que a lexislación vixente ata o ano 2008 non logrou evitar que a calidade e cantidade do capital das entidades financeiras resultase insuficiente para absorber as perdas orixinadas nun contexto de fortes turbulencias. Tampouco mitigou o comportamento tan intensamente procíclico das entidades, que incrementaron excesivamente o crédito en fases de expansión e o reduciron substancialmente en recesión, agravando inicialmente a inestabilidade financeira e empeorando, en segunda instancia, os efectos e a duración da crise económica.

Ante a constatación anterior, e dada a enorme interconexión dos mercados financeiros internacionais, a primeira reacción para a reforma da regulación financeira xurdiu desde os principais foros internacionais. Deste modo, tras o impulso político dos líderes mundiais reunidos en Washington en novembro de 2008 arredor do Grupo dos Vinte, o Comité de Basilea de Supervisión Bancaria acordou en decembro de 2010 o «Marco regulador global para reforzar os bancos e os sistemas bancarios» (coñecido como Acordos de Basilea III) que, tratando de evitar futuras crises e mellorar a cooperación internacional, reforzou significativamente as exixencias, cuantitativas e cualitativas, de capital dos bancos. Os eixes centrais deste acordo transformáronse a finais de xuño deste ano 2013 en normativa harmonizada da Unión Europea, mediante dous instrumentos legais: o Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de servizos de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012; e a Directiva 2013/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e á supervisión prudencial das entidades de crédito e das empresas de servizos de investimento, pola que se modifica a Directiva 2002/87/CE e se derrogan as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE. Estas normas europeas teñen, pola súa vez, un cometido e dimensión que exceden a simple adopción dos acordos de Basilea III, pois avanza substancialmente na creación dunha normativa bancaria única en materia de solvencia. Este exercicio de harmonización resulta imprescindible de cara á constitución da Unión Bancaria, que se apoiará firmemente nesta normativa financeira común, para a constitución dos mecanismos únicos de supervisión e resolución de entidades de créditos da zona euro.

O Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, entrará en vigor o próximo 1 de xaneiro de 2014, e a Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño de 2013, debe estar incorporada ao dereito interno para esa mesma data. A adaptación do ordenamento xurídico español ás novas normas europeas exige unha posta ao día e refundición do conxunto de textos normativos que, de maneira dispersa, conteñen as normas de ordenación e disciplina bancarias actualmente vixentes. En consecuencia, a adaptación do noso dereito ao novo conxunto normativo débese articular, en interese da seguridade xurídica e en garantía da maior eficacia da norma, nun dobre proxecto normativo. Dunha banda, un texto de nova planta que refunda e axuste convenientemente toda a normativa nacional en materia de solvencia de entidades de crédito, e doutra, unha norma que, con carácter urxente, adapte o noso ordenamento antes do próximo 1 de xaneiro de 2014,

aos cambios normativos cuxa incorporación é máis urxente, para efectos de dotar os supervisores e as entidades financeiras das garantías legais necesarias para que operen de acordo co Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, e realizar as adaptacións substantivas da Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño de 2013.

## II

A este segundo obxectivo, de urxente e extraordinaria necesidade, responde este real decreto lei cuxas medidas principais pivotan arredor de tres eixes:

En primeiro lugar, a norma efectúa a incorporación directa como normativa de ordenación e disciplina española do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, de inminente aplicación, ampliando e adaptando as funcións supervisoras do Banco de España e da Comisión Nacional do Mercado de Valores ás novas facultades establecidas no dereito da Unión Europea. Deste modo, garátese o control operativo dos supervisores para asegurar o debido cumprimento das obrigas que para as entidades de crédito e das empresas de servizos de investimento derivan da nova normativa europea.

En segundo lugar, incorpóranse algunhas novidades en materia de limitación da retribución variable. Fundamentalmente, para limitala a un máximo do cento por cento respecto á retribución fixa, salvo autorización da xunta de accionistas ou órgano equivalente, caso en que se poderá alcanzar o douscentos por cento.

E, finalmente, realízanse outra serie de axustes dirixidos a delimitar o ámbito de aplicación do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, para efectos de evitar que se produzan consecuencias indesexadas na nosa regulación. Na medida en que os establecementos financeiros de crédito non quedan sometidos a esta norma, é imprescindible manter, con carácter provisional e ata que se aprobe o réxime específico que lles corresponda, o réxime xurídico vixente con carácter previo á entrada en vigor deste real decreto lei.

Modifícase tamén a Lei do mercado de valores co obxecto de introducir nela as reformas derivadas da Directiva 2013/36/UE, relativas ás empresas de servizos de investimento, e que gardan paralelismo coas antes mencionadas respecto das entidades de crédito.

Por outro lado, na disposición adicional segunda régúlase por primeira vez en España a figura do identificador de entidade xurídica, prevista polo Regulamento (UE) n.º 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativo aos derivados extrabolsistas, ás entidades de contrapartida central e aos rexistros de operacións. A principios do vindeiro ano, as contrapartes dun contrato de derivados deberían quedar identificadas, de maneira inequívoca e a escala internacional, mediante o uso dun código coñecido como identificador de entidade. Mediante este real decreto lei atribúeselle a súa emisión e xestión en España ao Rexistro Mercantil.

A disposición adicional terceira trata de posibilitar que municipios que inicialmente, e tendo podido facelo, non solicitaron as medidas do título II do Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, presenten as solicitudes e o plan de axuste correspondente nun prazo adicional. Nun bo número de casos esa situación debeuse a problemas de gobernabilidade nos concellos correspondentes. Para solucionar esta situación posibilitábase a aprobación pola xunta de goberno local ou, se esta non existe por tratarse de municipios de menos de 5.000 habitantes e que non estean obrigados a dispoñer daquel órgano, polo alcalde. Con isto desbloquearíase unha situación de interferencia da situación política no funcionamento financeiro dos municipios afectados.

En definitiva, o obxectivo desta disposición é facilitar a maior incorporación posible de municipios ás medidas extraordinarias citadas eliminando obstáculos que non deberían afectar o logro da estabilidade e do reequilibrio daquelas entidades.

A urxencia e necesidade desta disposición radica en que as medidas extraordinarias de apoio a concellos con problemas financeiros deben ser solicitadas ante o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dentro deste mesmo ano. Medidas que se consideran necesarias para resolver coa maior celeridade posible a grave situación financeira dos concellos concernidos.

A disposición adicional cuarta recolle o tratamento prudencial das participacións preferentes a partir da entrada en vigor do Regulamento (UE) 575/2013, do 26 de xuño, sen alterar, non obstante, o réxime fiscal vixente para este tipo de instrumentos, recollido na Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.

Así mesmo, incorpórase unha disposición transitoria coa finalidade de atenuar os efectos que poida producir a necesaria derogación do requisito de capital principal das entidades de crédito españolas, establecido polo Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro. Preténdese con esta previsión un dobre obxectivo: dunha banda, compatibilizar as obrigas en materia de requirimentos de capital previstas no novo Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, coas que sobre a mesma materia foron asumidas polo noso país mediante o memorando de entendemento subscrito no marco do programa de asistencia para a recapitalización do sector financeiro, acordado no seo do Eurogrupo; e doutra banda, garantir que o Banco de España estea adecuada e inmediatamente facultado para evitar calquera redución pouco prudente de recursos propios, derivada da simple aprobación da nova normativa de solvencia.

Dentro das disposicións derradeiras, modifícase a Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, incrementando as competencias desta institución ao habilitala para elaborar guías técnicas e contestar consultas vinculantes, dotándoa de instrumentos para unha adecuada interpretación e aplicación da normativa de supervisión. Así mesmo, modifícase a citada Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, co fin de corrir a actual situación patrimonial do Fondo de Resolución Ordenada Bancaria (FROB) que xurdiu polas perdas derivadas da súa singular natureza como autoridade de reestruturación e resolución, garantíndose desta forma, en último termo, o cumprimento das funcións que a norma lle atribúe. As especiais competencias que o FROB ten atribuídas como autoridade de resolución e o seu impacto directo na satisfacción do interese público demandan unha actuación inminente para resolver a súa situación patrimonial disipando calquera dúbida sobre a súa solvencia. Para tal efecto, habilítase a posibilidade de incrementar os recursos propios do Fondo mediante a capitalización de créditos, préstamos ou calquera outra operación de endebedamento en que a Administración xeral do Estado figure como acreedora. Así mesmo, flexibilízase a xestión da súa operativa de caixa.

Tamén se modifica a Lei 9/2012, do 14 de novembro, nun aspecto de singular importancia ao se suprimir a disposición que establecía un límite temporal á aplicación do capítulo VII da lei, referido á xestión de instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada. Esta eliminación implica a vixencia definitiva no noso país dos mecanismos de absorción das perdas derivadas da reestruturación ou resolución dunha entidade de crédito por parte dos seus accionistas e acredores subordinados. Desta maneira, España adopta, xa de maneira permanente e con anticipación respecto á maioría dos Estados membros da Unión Europea, os instrumentos necesarios para distribuír as perdas dunha entidade conforme o principio de correcta asunción de riscos e minimización do uso de recursos públicos. Trátase dunha medida completamente aliñada co que exige xa a normativa internacional máis avanzada e, en particular, a regulación da Unión Europea en materia de competencia e axudas de Estado.

Adicionalmente, clarifícanse as dúbidas xurdidas na práctica respecto á extensión da posición acreedora de Sareb nos procedementos concursais a quen adquira por calquera título os seus créditos. Dado o mandato de liquidación ordenada que ten Sareb, a venda dos seus créditos é frecuente e a incerteza na aplicación da súa regulación concursal está repercutindo negativamente nas transaccións; de aí a necesidade de proceder á súa inminente revisión.

Introduciuse tamén no real decreto lei unha disposición derradeira terceira mediante a cal se modifica a disposición adicional trixésimo sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012. A indicada disposición da Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012 instrumentaba a ampliación do prazo para o reintegro das liquidacións do sistema de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía correspondentes a 2008 e 2009 que resultaron a favor do Estado, mediante o cal, ás comunidades que o solicitasen, se lles estendían a 120 mensualidades iguais os saldos pendentes de reintegro, sempre que se cumprisen as condicións establecidas na disposición.

As circunstancias actuais aconsellan a modificación da condicionalidade establecida para esta ampliación a 120 mensualidades, en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade. A continuación da indicada ampliación supeditarase ao que estableza o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, mediante resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, sempre que así o solicite a comunidade autónoma e esta acredite o cumprimento das súas obrigas de subministración de información.

A extraordinaria e urxente necesidade desta medida radica en que a modificación obxecto dela ten incidencia nos orzamentos das comunidades autónomas e, dado que as respectivas leis de orzamentos daquelas para 2014 están en fase de tramitación, faise necesario que a modificación entre en vigor con anterioridade á aprobación destas leis polas comunidades autónomas.

Introdúcense por último determinadas medidas destinadas a permitir que certos activos por impostos diferidos poidan seguir computando como capital, en liña coa regulación vixente noutros Estados da Unión Europea, de forma que as entidades de crédito españolas poidan operar nun contorno competitivo homoxéneo.

### III

En definitiva, este real decreto lei ten como obxectivo principal, tal e como foi xa referido, realizar as adaptacións máis urxentes do ordenamento xurídico español ás substantivas novidades derivadas da Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño, e do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, e abordar outras reformas de carácter urxente. Para estes efectos, incorporáronse a esta norma aqueles preceptos cuxa entrada en vigor inmediata é necesaria para o funcionamento básico das entidades financeiras, evitando desta maneira disrupcións da regulación prudencial que poderían xerar graves dificultades no sistema financeiro español nun momento especialmente sensible para este.

O cumprimento deste obxectivo resulta hoxe aínda máis prioritario tendo en conta o novo escenario deseñado na Unión Europea polo desenvolvemento da Unión Bancaria e, en especial, ante a necesidade de non xerar a máis mínima incerteza legal sobre un sector como o bancario que recuperou desde hai algúns meses a senda da estabilidade e a confianza.

En virtude da urxencia da adopción das medidas para permitir a súa inmediata efectividade, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta dos ministros de Economía e Competitividade e de Facenda e Administracións

Públicas, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de novembro de 2013,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.*

A Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, modifícase nos termos previstos nos seguintes puntos:

Un. O artigo sexto queda redactado como segue:

«Artigo sexto.

1. De conformidade co Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, con esta lei e coas disposicións que a desenvolvan, os grupos consolidables de entidades de crédito, así como as entidades de crédito, integradas ou non nun grupo consolidable de entidades de crédito, deberán manter en todo momento un volume suficiente de recursos propios en relación cos investimentos realizados e cos riscos asumidos.

2. Os grupos consolidables de entidades de crédito, así como as entidades de crédito non integradas nun destes grupos consolidables, disporán especificamente de estratexias e procedementos sólidos, eficaces e exhaustivos co fin de avaliaren e manteren de forma permanente os importes, os tipos e a distribución do capital interno que consideren adecuados para cubrir a natureza e o nivel dos riscos aos cales estean ou poidan estar expostos. Estas estratexias e estes procedementos serán periodicamente obxecto de exame interno co fin de garantir que sigan sendo exhaustivos e proporcionais á índole, escala e complexidade das actividades da entidade de crédito interesada.

3. Así mesmo, poderase impoñer:

a) A obriga de dispoñer dunha cantidade mínima de activos líquidos que permitan facer fronte ás potenciais saídas de fondos derivadas de pasivos e compromisos, mesmo en caso de eventos graves que poidan afectar a liquidez, e a de manter unha estrutura adecuada de fontes de financiamento e de vencementos nos seus activos, pasivos e compromisos co fin de evitar potenciais desequilibrios ou tensións de liquidez que poidan danar ou poñer en risco a situación financeira da entidade.

b) Un límite mínimo á relación entre os recursos propios da entidade e o valor total das súas exposicións aos riscos derivados da súa actividade.

As obrigas previstas nas letras anteriores poderán ser máis estritas en función da capacidade de cada entidade de crédito para obter capital de nivel 1.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo ao final do número 3 do artigo oitavo coa seguinte redacción:

«O Banco de España poderá eximir do cumprimento individual dos requisitos previstos nas partes segunda a oitava do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, as entidades de crédito integradas nun sistema institucional de protección cando este sistema se constituía a través dun acordo contractual entre varias entidades de crédito e cumpra cos requisitos establecidos no artigo 10 do citado regulamento e co previsto nos puntos i, ii, v e vi anteriores.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo décimo bis, que queda redactado como segue:

«1. Corresponderá ao Banco de España, na súa condición de autoridade responsable da supervisión das entidades de crédito e dos seus grupos consolidables:

a) Revisar os sistemas, sexan acordos, estratexias, procedementos ou mecanismos de calquera tipo, aplicados para dar cumprimento á normativa de solvencia contida no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, nesta lei e nas disposicións que a desenvolvan. Esta revisión incluírá as políticas e prácticas de remuneración a que se refire o artigo 30 bis.1 bis da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

b) Avaliar os riscos a que as entidades están ou poden estar expostas.

c) Sen prexuízo do previsto na alínea anterior, avaliar os riscos derivados de posibles acontecementos ou cambios na conxuntura económica que se puxesen de manifesto nas probas de resistencia, tendo en conta a natureza, dimensión e complexidade da actividade da entidade. Estas probas de resistencia deberán ser realizadas polo Banco de España polo menos unha vez ao ano.

d) A partir da revisión e avaliación mencionadas nas letras precedentes, determinar se os sistemas mencionados na alínea a) e os fondos propios mantidos garanten unha xestión e cobertura sólidas dos seus riscos.

e) Exixir a cada entidade de crédito que posúa normas de Goberno que inclúan políticas e prácticas de remuneración coherentes coa promoción dunha xestión do risco sólida e efectiva para dar cumprimento á normativa sobre políticas e prácticas de remuneración que regulamentariamente se estableza.

f) Utilizar a información recompilada de conformidade cos criterios de divulgación establecidos no artigo décimo ter.1 para comparar as tendencias e prácticas en materia de remuneración. O Banco de España facilitaralle á Autoridade Bancaria Europea esta información.

g) Recompilar información sobre o número de persoas, en cada entidade de crédito, con remuneracións de polo menos 1 millón de euros, en intervalos dese mesmo importe, incluídas as súas responsabilidades no cargo que ocupa, o ámbito de negocio implicado e os principais compoñentes do soldo, os incentivos, as primas a longo prazo e a contribución á pensión. Esta información transmitiráselle á Autoridade Bancaria Europea.

h) Elaborar, en caso de que o considere conveniente, guías técnicas, dirixidas ás entidades e aos grupos supervisados, indicando os criterios, prácticas, metodoloxías ou procedementos que considera adecuados para o cumprimento da normativa de supervisión. Estas guías, que se deberán facer públicas, poderán incluír os criterios que o propio Banco de España seguirá no exercicio das súas actividades de supervisión. Estas guías referiranse ás seguintes materias:

1.º Avaliación dos riscos a que as entidades están expostas e adecuado cumprimento das normas de ordenación e disciplina.

2.º Prácticas de remuneración e incentivos de asunción de riscos compatibles cunha adecuada xestión do risco.

3.º Información financeira e contable e obrigas de auditoría externa.

4.º Adecuada xestión dos riscos derivados da tenza de participacións significativas das entidades de crédito noutras entidades financeiras ou empresas non financeiras.

5.º Instrumentación de mecanismos de reestruturación ou resolución de entidades de crédito.

6.º Goberno corporativo e control interno.

7.º Calquera outra materia incluída no ámbito de competencias do Banco de España.

Para tal fin, o Banco de España poderá facer súas, e transmitirllas como tales ás entidades e aos grupos, así como desenvolver, complementar ou adaptar as guías que, sobre estas cuestións, aproben os organismos ou comités internacionais activos na regulación e supervisión bancarias.

As análises e avaliacións mencionadas nas alíneas a), b) e c) anteriores actualizaranse con periodicidade, polo menos, anual.»

Catro. Engádesse un novo artigo décimo bis.un coa seguinte redacción:

«Artigo décimo bis.un. *Medidas de Goberno corporativo.*

1. Ao fixaren os compoñentes variables da remuneración, as entidades de crédito deberán establecer as ratios apropiadas entre os compoñentes fixos e os variables da remuneración total, aplicando os seguintes principios:

a) O compoñente variable non será superior ao cento por cento do compoñente fixo da remuneración total de cada persoa.

b) Non obstante, os accionistas da entidade poderán aprobar un nivel superior ao previsto no parágrafo anterior, sempre que non sexa superior ao douscentos por cento do compoñente fixo da remuneración total. A aprobación deste nivel máis elevado de remuneración variable realizarase de acordo co seguinte procedemento:

1.º Os accionistas da entidade tomarán a súa decisión sobre a base dunha recomendación pormenorizada do consello de administración ou órgano equivalente que expoña os motivos e o alcance da decisión e inclúa o número de persoas afectadas e os seus cargos, así como o efecto previsto sobre o mantemento pola entidade dunha base sólida de capital.

2.º Os accionistas da entidade adoptarán a súa decisión por unha maioría de polo menos dous terzos, sempre que estean presentes ou representados na votación polo menos a metade das accións ou dereitos equivalentes. De non ser posible o quórum anterior, tomarán a súa decisión por unha maioría de, polo menos, tres cuartos das accións ou dereitos equivalentes presentes ou representados.

3.º O consello de administración ou órgano equivalente comunicaralles a todos os accionistas con antelación suficiente o asunto que se someterá a aprobación.

4.º O consello de administración ou órgano equivalente comunicaralle inmediatamente ao Banco de España a recomendación dirixida aos accionistas, incluído o nivel máis alto do compoñente variable da remuneración proposto e a súa xustificación, e acreditará que ese nivel non afecta as obrigas da entidade en virtude da normativa de solvencia.

5.º O consello de administración ou órgano equivalente comunicaralle inmediatamente ao Banco de España a decisión adoptada ao respecto polos seus accionistas, incluída a porcentaxe máxima máis alta do compoñente variable da remuneración aprobada, e o Banco de España utilizará a información recibida para comparar as prácticas das entidades nesta materia. O Banco de España facilitará esta información á Autoridade Bancaria Europea.

6.º Se for o caso, as persoas directamente afectadas pola aplicación de niveis máximos máis altos de remuneración variable non poderán exercer, nin directa nin indirectamente, os dereitos de voto que poidan ter como accionistas da entidade.

As mencións efectuadas nesta alínea aos accionistas aplicaranse igualmente aos membros das asembleas xerais das caixas de aforros e cooperativas de crédito.

c) O Banco de España poderá autorizar as entidades para aplicaren un tipo de desconto teórico, de acordo coa orientación que publique a Autoridade Bancaria Europea, a un vinte e cinco por cento da remuneración variable total, sempre que se aboe mediante instrumentos diferidos por un prazo de cinco ou máis anos. O Banco de España poderá establecer unha porcentaxe máxima inferior.

2. As limitacións previstas no punto anterior aplicaranse ás categorías de empregados cuxas actividades profesionais incidan de maneira significativa no perfil de risco da entidade, o seu grupo, sociedade matriz ou filiais. En particular, aplicaráselles aos altos directivos, aos empregados que asumen riscos, aos que exercen funcións de control, así como a todo traballador que reciba unha remuneración global que o inclúa no mesmo baremo de remuneración que o dos altos directivos e os empregados que asumen riscos, cuxas actividades profesionais inciden de maneira importante no seu perfil de risco.

3. As entidades de crédito presentarán ao Banco de España canta información lles requira para comprobar o cumprimento desta obriga e, en particular, unha lista indicando as categorías de empregados cuxa actividade profesional incide de maneira significativa no perfil de risco daquelas. Esta lista deberá presentarse anualmente e, en todo caso, cando se producen alteracións significativas. O Banco de España determinará a forma de presentación desta lista.»

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo décimo primeiro.

«1. Cando unha entidade de crédito ou un grupo consolidable de entidades de crédito non cumpra coas exixencias contidas nesta lei, no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, ou noutras normas de ordenación e disciplina que determinen requirimentos de recursos propios mínimos ou referidos á estrutura organizativa e ao control interno da entidade; ou cando o Banco de España teña datos que permitan presumir fundamentalmente este incumprimento nos seguintes doce meses, o Banco de España poderá establecer as medidas que considere máis oportunas de entre as mencionadas no número 3 deste artigo atendendo á situación da entidade ou grupo.»

Seis. Modifícase o número 3 do artigo décimo primeiro e engádenselle a este dous novos números 4 e 5, polo que se renumeran os actuais 4, 5 e 6 como 6, 7 e 8, respectivamente:

«3. Entre as medidas que o Banco de España poderá adoptar, de acordo co número 1, están as seguintes:

a) Obrigar as entidades de crédito e os seus grupos a manter recursos propios adicionais aos exixidos con carácter mínimo.

O Banco de España impondrá esta obriga, polo menos, cando aprecie deficiencias graves na estrutura organizativa ou nos procedementos e mecanismos de control interno, incluíndo en especial os mencionados no artigo sexto.2 desta lei, ou sempre que determine, de acordo co previsto no artigo décimo bis.1.d), que os sistemas e os fondos propios mantidos a que se refire o dito precepto non garantan unha xestión e cobertura sólidas dos riscos. En ambos os casos, a medida deberá ser adoptada cando o Banco de España considere improbable que a simple aplicación doutras medidas mellore esas deficiencias ou situacións nun prazo adecuado.

b) Exixirlles ás entidades de crédito e aos seus grupos que reforcen os procedementos, mecanismos e estratexias establecidos co fin de cumprir o disposto nos artigos sexto.2 e décimo bis.

c) Exixirlles ás entidades de crédito e aos seus grupos que presenten un plan para restablecer o cumprimento dos requisitos de supervisión establecidos nesta lei e no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, e fixen un prazo para a súa execución; ou que introduzan no plan as melloras necesarias no que se refire ao seu alcance e prazo de execución.

d) Exixirlles ás entidades de crédito e aos seus grupos que apliquen unha política específica de dotación de provisións ou un determinado tratamento dos activos en termos de requirimento de recursos propios.



e) Restringir ou limitar os negocios, as operacións ou a rede das entidades ou solicitar o abandono de actividades que presenten riscos excesivos para a solidez da entidade.

f) Requirirles ás entidades de crédito que limiten as remuneracións variables cando sexan incoherentes co mantemento dunha base sólida de capital.

g) Exixir a redución do risco inherente ás actividades, produtos e sistemas das entidades.

h) Exixirles ás entidades de crédito e aos seus grupos que utilicen os beneficios netos para reforzaren os seus recursos propios.

i) Prohibir ou restringir a distribución pola entidade de dividendos ou xuros a accionistas, socios ou titulares de instrumentos de capital de nivel 1 adicional, sempre e cando a prohibición non constitúa un suposto de incumprimento pola entidade das súas obrigas de pagamento.

j) Impoñer obrigas adicionais de información, incluída información sobre a situación de capital e liquidez

k) Exixir ou incrementar a frecuencia de remisión de información.

l) Impoñer requisitos específicos de liquidez, incluídas restricións dos desfases de vencemento entre activos e pasivos.

m) Exixir a comunicación de información complementaria.

4. A obriga de manter recursos propios superiores aos establecidos, de acordo co previsto na alínea a) do número 3, exixirase, polo menos, nos seguintes supostos:

a) Se a entidade non cumpre os requisitos establecidos no artigo sexto.2 desta lei ou no artigo 393 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño.

b) Se hai riscos ou elementos de risco que non quedan cubertos polos requirimentos de recursos propios establecidos nesta lei, nas normas que a desenvolven ou no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño.

c) Se resulta probable que a aplicación doutras medidas non abonda por si soa para mellorar suficientemente os sistemas, procedementos, mecanismos e estratexias nun prazo adecuado.

d) Se se detecta algún incumprimento dos requisitos exixibles para o uso de modelos internos que poida dar lugar a uns requirimentos de recursos propios insuficientes; ou se os axustes de valoración con respecto a posicións ou carteiras específicas dentro da carteira de negociación, de acordo co establecido no artigo 105 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, non permiten que a entidade venda ou cubra as súas posicións nun curto período de tempo sen incorrer en perdas importantes en condicións de mercado normais.

e) Se existen razóns fundadas para considerar que os riscos poidan quedar subestimados a pesar do cumprimento dos requisitos aplicables do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, e desta lei e as súas normas de desenvolvemento.

f) Se a entidade lle notifica ao Banco de España, de conformidade co artigo 377.5 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, que os resultados das probas de resistencia a que se refire o dito artigo exceden de forma significativa os requirimentos de recursos propios derivados da carteira de negociación de correlación.

5. Para efectos da determinación do nivel adecuado de recursos propios sobre a base da revisión e a avaliación realizadas de conformidade co artigo décimo bis, o Banco de España avaliará se cómpre exixir recursos propios adicionais, ademais dos requisitos de recursos propios, para cubrir riscos aos cales esta ou poida estar exposta unha entidade, atendendo ao seguinte:

a) Os aspectos cuantitativos e cualitativos do proceso de avaliación das entidades a que se refire o artigo sexto.2.

- b) Os resultados da revisión e a avaliación levadas a cabo de conformidade co artigo décimo bis.
- c) A avaliación do risco sistémico.»

Sete. Modifícase o número 6 do artigo décimo primeiro:

«6. O disposto nos puntos anteriores enténdese sen prexuízo da aplicación das sancións que en cada caso procedan segundo a Lei 26/1988, do 29 de xullo, de disciplina e intervención das entidades de crédito.»

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto lexislativo 1298/1986, do 28 de xuño, polo que se adaptan as normas legais en materia de establecementos de crédito ao ordenamento xurídico da Comunidade Económica Europea.*

O Real decreto lexislativo 1298/1986, do 28 de xuño, polo que se adaptan as normas legais en materia de establecementos de crédito ao ordenamento xurídico da Comunidade Económica Europea queda modificado como segue:

Un. Suprímese a alínea e) do número 2 do artigo 1.

Dous. Engádese un novo parágrafo ao final do número 2 do artigo 6:

«Non obstante o disposto no primeiro parágrafo deste punto, o Banco de España poderá publicar os resultados das probas de resistencia realizadas de conformidade co artigo 32 do Regulamento (UE) n.º 1093/2010, do 24 de novembro, ou transmitir o seu resultado á Autoridade Bancaria Europea, co fin de que esta o publique.»

**Artigo terceiro.** *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

A Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, queda modificada como segue:

Un. A alínea a) do artigo 70.1 queda redactada do seguinte modo:

«a) As derivadas do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

Non obstante, non serán de aplicación as obrigas do parágrafo anterior, nos termos e coas excepcións previstas no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, ás empresas de servizos de investimento non autorizadas a prestar o servizo auxiliar a que se refire o artigo 63.2.a), que presten unicamente un ou varios dos servizos ou actividades de investimento enumerados no artigo 63.1.a), b), d) e g) desta lei, e ás cales non se lles permite ter en depósito difeירו ou valores dos seus clientes e que, por esta razón, nunca se poidan encontrar en situación debedora respecto dos ditos clientes.

Os cálculos co fin de verificar o cumprimento polas empresas de servizos de investimento das obrigas establecidas nesta alínea a) levaranse a cabo polo menos semestralmente, facendo coincidir as datas de referencia da información coas do final do semestre natural.

As empresas de servizos de investimento comunicarán á Comisión Nacional do Mercado de Valores, na forma e contido que ela determine, os resultados e todos os elementos de cálculo necesarios.»

Dous. Engádese un novo artigo 70 quinquies coa seguinte redacción:

«Artigo 70 quinquies. *Medidas de goberno corporativo.*

1. Ao fixaren os compoñentes variables da remuneración, as empresas de servizos de investimento deberán establecer as ratios apropiadas entre os

compoñentes fixos e os variables da remuneración total, aplicando os seguintes principios:

a) O compoñente variable non será superior ao cento por cento do compoñente fixo da remuneración total de cada persoa.

b) Non obstante, os accionistas da empresa de servizos de investimento poderán aprobar un nivel superior ao previsto no parágrafo anterior, sempre que non sexa superior ao douscentos por cento do compoñente fixo da remuneración. A aprobación deste nivel máis elevado realizarase de acordo co seguinte procedemento:

1.º Os accionistas da empresa de servizos de investimento tomarán a súa decisión sobre a base dunha recomendación pormenorizada do consello de administración ou órgano equivalente que expoña os motivos e o alcance da decisión e inclúa o número de persoas afectadas e os seus cargos, así como o efecto previsto sobre o mantemento pola entidade dunha base sólida de capital.

2.º Os accionistas da empresa de servizos de investimento adoptarán a súa decisión por unha maioría de polo menos dous terzos, sempre que estean presentes ou representados na votación polo menos a metade das accións ou dereitos equivalentes. De non ser posible o quórum anterior, tomarán a súa decisión por unha maioría de, polo menos, tres cuartos das accións ou dereitos equivalentes presentes ou representados.

3.º O consello de administración comunicaralles a todos os accionistas, con antelación suficiente, o asunto que se someterá a aprobación.

4.º O consello de administración comunicaralle inmediatamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores a recomendación dirixida aos accionistas, incluído o nivel máis alto do compoñente variable da remuneración proposto e a súa xustificación, e acreditará que ese nivel non afecta as obrigas da entidade en virtude da normativa de solvencia.

5.º O consello de administración comunicaralle inmediatamente á Comisión Nacional do Mercado de Valores a decisión adoptada ao respecto polos seus accionistas, incluída a porcentaxe máxima máis alta do compoñente variable da remuneración aprobada, e a Comisión Nacional do Mercado de Valores utilizará a información recibida para comparar as prácticas das entidades na dita materia. A Comisión Nacional do Mercado de Valores facilitaralle esta información á Autoridade Bancaria Europea.

6.º Se for o caso, o persoal directamente afectado pola aplicación de niveis máximos máis altos de remuneración variable non poderán exercer, nin directa nin indirectamente, os dereitos de voto que poidan ter como accionistas da entidade.

c) A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá autorizar as entidades para aplicaren un tipo de desconto teórico, de acordo coa orientación que publique a Autoridade Bancaria Europea, a un 25 por cento da remuneración variable total, sempre que se aboe mediante instrumentos diferidos por un prazo de cinco ou máis anos. A Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá establecer unha porcentaxe máxima inferior.

2. As limitacións previstas no punto anterior aplicaranse ás categorías de empregados cuxas actividades profesionais incidan de maneira significativa no perfil de risco da entidade, do seu grupo, da sociedade matriz ou das filiais. En particular, aplicaráselles aos altos directivos, aos empregados que asumen riscos, aos que exercen funcións de control, así como a todo traballador que reciba unha remuneración global que o inclúa no mesmo baremo de remuneración que o dos altos directivos e dos empregados que asumen riscos, cuxas actividades profesionais inciden de maneira importante no seu perfil de risco.

3. As empresas de servizos de investimento presentarán á Comisión Nacional do Mercado de Valores canta información esta lles requira para comprobar o cumprimento desta obriga e, en particular, unha lista indicando as categorías de

empregados cuxa actividade profesional incida de maneira significativa no seu perfil de risco. Esta lista deberase presentar anualmente e, en todo caso, cando se producisen alteracións significativas. A Comisión Nacional do Mercado de Valores determinará a forma de presentación da dita lista.

4. As obrigas contidas no número 1 deste artigo non serán de aplicación ás empresas de servizos de investimento non autorizadas a prestar o servizo auxiliar a que se refire o artigo 63.2.a), que presten unicamente un ou varios dos servizos ou actividades de investimento enumerados no artigo 63.1.a), b), d) e g) desta lei, e ás cales non se lles permite ter en depósito diñeiro ou valores dos seus clientes e que, por esta razón, nunca se poidan achar en situación debedora respecto dos ditos clientes.»

Tres. Modifícase o número 3 e engádense os números 4 e 5 no artigo 87 bis, que quedan redactados nos seguintes termos; o seu número 4 pasa a ser número 6:

«3. Así mesmo, cando unha empresa de servizos de investimento non cumpra coas exigencias que, contidas no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, nesta lei ou na súa normativa de desenvolvemento, determinen requirimentos mínimos de recursos propios, requiran unha estrutura organizativa ou mecanismos e procedementos de control interno, contables ou de valoración adecuados ou cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña datos que permitan presumir fundadamente un incumprimento destas obrigas nos seguintes doce meses, a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderá adoptar, entre outras, as seguintes medidas:

a) Obrigar as empresas de servizos de investimento e os seus grupos a manteren recursos propios adicionais aos exixidos con carácter mínimo. A Comisión Nacional do Mercado de Valores deberá facelo, polo menos, sempre que aprecie deficiencias graves na estrutura organizativa da empresa de servizos de investimento ou nos procedementos e mecanismos de control interno, contables ou de valoración, incluíndo en especial os mencionados no artigo 70.3 desta lei, ou sempre que advirta, de acordo co previsto no número 1.c) deste artigo, que os sistemas e os fondos propios mantidos a que se refire este precepto non garanten unha xestión e cobertura sólidas dos riscos. En ambos os dous casos a medida deberá ser adoptada cando a Comisión Nacional do Mercado de Valores considere improbable que a simple aplicación doutras medidas mellore estas deficiencias ou situacións nun prazo adecuado.

b) Exixirlles ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos que reforcen ou modifiquen os procedementos de control interno, contables ou de valoración, os mecanismos ou as estratexias adoptados para o cumprimento das ditas exigencias organizativas ou de recursos.

c) Exixirlles ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos que presenten un plan para restablecer o cumprimento dos requisitos de supervisión establecidos nesta lei e no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, e fixen un prazo para a súa execución, ou que introduzan no plan as melloras necesarias en canto ao seu alcance e prazo de execución.

d) Exixirlles ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos que apliquen unha política específica de dotación de provisións ou un determinado tratamento dos activos en termos de requirimentos de recursos propios.

e) Restringir ou limitar os negocios, as operacións ou a rede das empresas de servizos de investimento ou solicitar o abandono de actividades que presenten riscos excesivos para a solidez da entidade.

f) Exixirlles ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos que limiten a remuneración variable cando isto non sexa compatible co mantemento dunha base de capital sólida.

g) Exixir a redución do risco inherente ás actividades, produtos e sistemas das empresas de servizos de investimento.

h) Exixirles ás empresas de servizos de investimento e aos seus grupos que utilicen beneficios netos para reforzar a súa base de capital.

i) Prohibir ou restrinxir a distribución pola empresa de servizos de investimento de dividendos ou xuros a accionistas, socios ou titulares de instrumentos de capital de nivel 1 adicional, sempre e cando a prohibición non constitúa un suposto de incumprimento pola entidade das súas obrigas de pagamento.

j) Impoñer obrigas adicionais de información, incluída información sobre a situación de capital e liquidez, ou incrementar a frecuencia da súa remisión.

4. A obriga de manter recursos propios superiores aos establecidos, de acordo co previsto no número 3.a) anterior, exixirase, polo menos, nos seguintes supostos:

a) Se a empresa de servizos de investimento non cumpre os requisitos establecidos no artigo 70.3 ou no artigo 393 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño.

b) Se hai riscos ou elementos de risco que non quedan cubertos polos requirimentos de recursos propios establecidos nesta lei, nas normas que a desenvolven ou no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño.

c) Se existen razóns fundadas para considerar que a aplicación doutras medidas non abonda por si soa para mellorar suficientemente os sistemas, procedementos, mecanismos e estratexias nun prazo adecuado.

d) Se se detecta algún incumprimento dos requisitos exixibles para o uso de modelos internos que poida dar lugar a uns requirimentos de recursos propios insuficientes, ou se os axustes de valoración con respecto a posicións ou carteiras específicas dentro da carteira de negociación, de acordo co establecido no artigo 105 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, non permiten que a entidade venda ou cubra as súas posicións nun curto período de tempo sen incorrer en perdas importantes en condicións de mercado normais.

e) Se existen razóns fundadas para considerar que os riscos quedan subestimados malia o cumprimento dos requisitos aplicables do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, e desta lei e as súas normas de desenvolvemento.

f) Se a entidade lle notifica á Comisión Nacional do Mercado de Valores, de conformidade co artigo 377.5 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, que os resultados das probas de resistencia a que se refire o dito artigo exceden de forma significativa os requirimentos de recursos propios derivados da carteira de negociación de correlación.

5. Para efectos da determinación do nivel adecuado de recursos propios sobre a base da revisión e a avaliación realizadas de conformidade co número 1 deste artigo, a Comisión Nacional do Mercado de Valores avaliará se é preciso exixir recursos propios adicionais ademais dos requisitos de recursos propios para cubrir riscos aos cales esta ou poida estar exposta unha entidade, atendendo ao seguinte:

a) Os aspectos cuantitativos e cualitativos do proceso de avaliación das entidades a que se refire o artigo 70.3.

b) Os resultados da revisión e a avaliación levadas a cabo de conformidade co número 1 anterior.

c) A avaliación do risco sistémico.

O disposto neste punto enténdese sen prexuízo da aplicación das sancións que en cada caso procedan de acordo cos preceptos establecidos nesta lei.»

Catro. Dáse unha nova redacción ao último parágrafo do artigo 95 nos seguintes termos:

«Considéranse normas de ordenación e disciplina do mercado de valores as leis e disposicións de carácter xeral que conteñan preceptos especificamente

referidos ás entidades abrangidas no artigo 84.1 desta lei ou á actividade relacionada co mercado de valores das persoas ou entidades a que se refire o artigo 84.2 e que sexan de obrigada observancia para elas. Entre as citadas disposicións entenderanse comprendidas as aprobadas por órganos do Estado, das comunidades autónomas que teñan atribuídas competencias na materia, os regulamentos da Unión Europea e demais normas aprobadas polas institucións da Unión Europea que resulten de aplicación directa, así como as circulares aprobadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores previstas no artigo 15 desta lei.

En particular, considerarase norma de ordenación e disciplina o Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.»

**Artigo cuarto.** *Modificación da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.*

O número 5 do artigo 1 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, queda redactado como segue:

«5. Considéranse normas de ordenación e disciplina as leis e disposicións de carácter xeral que conteñan preceptos especificamente referidos ás entidades de crédito e de obrigada observancia para aquelas. Entre tales disposicións entenderanse comprendidas as aprobadas por órganos do Estado, das comunidades autónomas que teñan atribuídas competencias na materia, os regulamentos da Unión Europea e demais normas aprobadas polas institucións da Unión Europea que resulten de aplicación directa, así como as circulares aprobadas polo Banco de España, nos termos previstos nesta lei.

En particular, considerarase norma de ordenación e disciplina o Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.»

**Disposición adicional primeira.** *Autoridades competentes.*

Son autoridades competentes para efectos do previsto no Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, o Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores, no ámbito das súas respectivas competencias.

**Disposición adicional segunda.** *Identificador de entidade xurídica do Regulamento (UE) n.º 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativo aos derivados extrabolsistas, ás entidades de contrapartida central e aos rexistros de operacións.*

1. Atribúenselle ao Rexistro Mercantil as funcións de emitir e xestionar en España o código identificador de entidade xurídica que, no ámbito de aplicación do Regulamento (UE) n.º 648/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2012, relativo aos derivados extrabolsistas, ás entidades de contrapartida central e aos rexistros de operacións, identificará os intervenientes nun contrato de derivados para efectos da súa inscrición nos rexistros de operacións.

Entenderase por intervenientes as contrapartes, financeiras e non financeiras, dun contrato de derivados, os beneficiarios, as entidades de intermediación, as entidades de contrapartida central, os membros compensadores e as entidades remitentes, de conformidade co previsto no Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012, e na súa normativa de desenvolvemento.

2. O Rexistro Mercantil será o único emisor e xestor en España do código identificador de entidade xurídica.

3. En caso de que a normativa da Unión Europea ou unha disposición de carácter xeral prevean outros usos para o código identificador de entidade xurídica, o Rexistro Mercantil exercerá, igualmente, as funcións que lle atribúe o número 1 con respecto a estes usos.

4. Regulamentariamente poderán desenvolverse os aspectos organizativos e técnicos da función de emisión e xestión do código identificador de entidade.

5. Habilítase o ministro de Xustiza para fixar os aranceis para o cálculo dos honorarios rexistrais pola emisión e xestión do código identificador de entidade xurídica.

**Disposición adicional terceira.** *Ampliación do prazo para a aplicación das medidas do Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros.*

1. Contado desde a entrada en vigor deste real decreto lei, amplíase o prazo previsto no Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, de medidas urxentes contra a morosidade das administracións públicas e de apoio a entidades locais con problemas financeiros, nun mes para que os municipios que non o fixesen poidan solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas acollerse a algunha ou varias das medidas previstas no artigo 32 do mencionado Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño. Unha vez concluído este prazo, aos municipios que presenten solicitude resultaralles de aplicación todo o previsto no título II do Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, e, en particular, continuarase o procedemento establecido no artigo 32 do mencionado real decreto lei.

2. Cando, sendo competencia do pleno da corporación local, este non alcanzase, nunha primeira votación, a maioría necesaria para presentar a solicitude de acollerse a determinadas medidas, aprobar o plan de axuste ou aprobar algunha das medidas incluídas no dito plan de axuste a que se refire o Real decreto lei 8/2013, do 28 de xuño, a xunta de goberno local asumirá esta competencia. A xunta de goberno local dará conta ao pleno, na primeira sesión que se celebre con posterioridade á presentación da mencionada solicitude, da aprobación do plan de axuste ou dalgunha das medidas non incluídas.

3. Nos casos en que non exista xunta de goberno local, por concorreren as circunstancias a que se refire o artigo 20.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as decisións mencionadas no punto anterior corresponderanlle ao alcalde.

**Disposición adicional cuarta.** *Réxime de computabilidade das participacións preferentes como recursos propios.*

Sen prexuízo do réxime fiscal previsto na disposición adicional segunda da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, as participacións preferentes que cumpran coas condicións establecidas no capítulo 3 do título I da parte segunda do Regulamento (UE) 575/2013, do 26 de xuño, consideraranse capital de nivel 1 adicional para os efectos previstos no dito regulamento.

Non obstante, computaranse como capital de nivel 1 ordinario as participacións preferentes que cumpran co disposto no capítulo 2 do título I da parte décima do dito regulamento.

**Disposición transitoria primeira.** *Capital principal.*

Ata o 31 de decembro de 2014 o Banco de España, no marco da avaliación dos requisitos de capital adicional que lles poida impoñer aos grupos consolidables de entidades de crédito e ás entidades de crédito non integradas nun grupo consolidable conforme o artigo décimo primeiro 3.a) da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios

e obrigas de información dos intermediarios financeiros, na redacción dada por este real decreto lei, poderá impedir ou restrinxir calquera distribución dos elementos de capital de nivel 1 que fosen computables para cumprir cos requisitos mínimos de capital principal establecidos polo Real decreto lei 2/2011, cando estas distribucións, acumuladas ao longo do ano 2014, superen en termos absolutos o exceso de capital principal respecto ao mínimo legalmente exixido en 31 de decembro de 2013 e, ademais, poñan en risco o cumprimento dos requisitos de capital adicional mencionados.

**Disposición transitoria segunda.** *Establecementos financeiros de crédito.*

Ata a aprobación da lexislación específica que lles corresponda, os establecementos financeiros de crédito estarán suxeitos ao réxime xurídico que lles sexa de aplicación con carácter previo á entrada en vigor deste real decreto lei e para estes efectos manterán a súa consideración de entidade de crédito.

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2014, quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan a este real decreto lei e, en particular, o título I do Real decreto lei 2/2011, do 18 de febreiro, para o reforzamento do sistema financeiro e todas as previsións do ordenamento xurídico incompatibles co Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño.

**Disposición derradeira primeira.** *Modificación da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España.*

A Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, queda modificada como segue:

Un. Engádeselle unha nova alínea g) ao número 5 do artigo 7, que queda redactada como segue:

«g) Contestar consultas dos interesados sobre o exercicio das súas competencias executivas en materia de supervisión e inspección de entidades. A contestación a estas consultas terá efectos vinculantes, desde a súa emisión, para os órganos do Banco de España encargados de exercer as competencias sobre as cales versa a consulta, sempre que non se alteren as circunstancias, antecedentes e demais datos contidos nela. A contestación ás consultas terá carácter informativo para os interesados e non se poderá emprender ningún recurso contra esta contestación.»

Dous. Cámbiase a denominación da actual alínea g) do número 5 do artigo 7, que pasa a ser a alínea h).

**Disposición derradeira segunda.** *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo.*

«Primeiro. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2011, introdúcense as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo:

Un. Engádeselle o número 13 ao artigo 19, que queda redactado da seguinte forma:

«13. As dotacións por deterioración dos créditos ou outros activos derivadas das posibles insolvencias dos debedores non vinculados co suxeito pasivo, sempre que non lles resulte de aplicación o disposto no artigo 12.2.a) desta lei, así como os derivados da aplicación dos artigos 13.1.b) e 14.1.f) desta lei, correspondentes a



dotacións ou achegas a sistemas de previsión social e, se é o caso, prexubilación, que xerasesen activos por imposto diferido, integraranse na base imponible de acordo co establecido nesta lei, co límite da base imponible positiva previa á súa integración e á compensación de bases impositivas negativas.

As cantidades non integradas nun período impositivo serán obxecto de integración nos períodos impositivos seguintes co mesmo límite. Para estes efectos, integraranse en primeiro lugar as dotacións correspondentes aos períodos impositivos máis antigos.»

Dous. Engádesse a disposición adicional vixésimo primeira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional vixésimo primeira. *Regras especiais de consolidación fiscal no suposto de aplicación do número 13 do artigo 19 desta lei.*

A aplicación do réxime de consolidación fiscal por aqueles grupos fiscais en que se integren entidades ás cales resulte de aplicación o disposto no número 13 do artigo 19 desta lei terá as seguintes especialidades:

a) A suma de bases impositivas a que se refire a alínea a) do número 1 do artigo 71 desta lei non incluírá as dotacións a que se refire o número 13 do artigo 19 desta lei nin a compensación de bases impositivas negativas individuais. Esas dotacións incluíranse na base imponible do grupo con carácter previo á aplicación, se é caso, do disposto na alínea d) do citado precepto.

b) No suposto en que unha entidade se incorpore a un grupo fiscal, as dotacións a que se refire o número 13 do artigo 19 desta lei, pendentes de integrar na súa base imponible, integraranse na base imponible do grupo, co límite da base imponible positiva individual da propia entidade previa á integración das dotacións da referida natureza e á compensación de bases impositivas negativas, e para estes efectos excluíranse os dividendos ou participacións en beneficios a que se refire o número 2 do artigo 30 desta lei.

c) No suposto de perda do réxime de consolidación fiscal ou extinción do grupo fiscal, as entidades que o integren asumirán as dotacións a que se refire o número 13 do artigo 19 desta lei pendentes de integrar na base imponible, na proporción en que contribuísen á súa formación.»

Segundo. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2014, engádesse a disposición adicional vixésimo segunda, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional vixésimo segunda. *Conversión de activos por imposto diferido en crédito exigible fronte á Administración tributaria.*

1. Os activos por imposto diferido correspondentes a dotacións por deterioración dos créditos ou doutros activos derivadas das posibles insolvencias dos debedores non vinculados co suxeito pasivo, sempre que non lles resulte de aplicación o disposto no artigo 12.2.a) desta lei, así como os derivados da aplicación dos artigos 13.1.b) e 14.1.f) desta lei correspondentes a dotacións ou achegas a sistemas de previsión social e, se é o caso, prexubilación, converteranse nun crédito exigible fronte á Administración tributaria cando se dea calquera das seguintes circunstancias:

a) Que o suxeito pasivo rexistre perdas contables nas súas contas anuais, auditadas e aprobadas polo órgano correspondente.

Neste suposto, o importe dos activos por imposto diferido obxecto de conversión estará determinado polo resultado de aplicar sobre o seu total a porcentaxe que representen as perdas contables do exercicio respecto da suma de capital e reservas.

b) Que a entidade sexa obxecto de liquidación ou insolvencia xudicialmente declarada.

Así mesmo, os activos por imposto diferido polo dereito a compensar en exercicios posteriores as bases impositivas negativas converteranse nun crédito exixible fronte á Administración tributaria cando aqueles sexan consecuencia de integrar na base impositiva, a partir do primeiro período impositivo que se inicie en 2014, as dotacións por deterioración dos créditos ou doutros activos derivadas das posibles insolvencias dos debedores, así como as dotacións ou achegas a sistemas de previsión social e, se é o caso, prexubilación, que xeraron os activos por imposto diferido a que se refire o primeiro parágrafo deste punto.

2. A conversión dos activos por imposto diferido a que se refire o punto anterior nun crédito exixible fronte á Administración tributaria producirase no momento da presentación da autoliquidación do imposto sobre sociedades correspondente ao período impositivo en que se producen as circunstancias descritas no punto anterior.

3. A conversión dos activos por imposto diferido nun crédito exixible fronte á Administración tributaria a que se refire o número 1 da presente disposición determinará que o suxeito pasivo poida optar por solicitar o seu aboamento á Administración tributaria ou por compensar os ditos créditos con outras débedas de natureza tributaria de carácter estatal que o propio suxeito pasivo xere a partir do momento da conversión. O procedemento e o prazo de compensación ou aboamento estableceranse de forma regulamentaria.

4. Os activos por imposto diferido a que se refire o número 1 anterior poderanse trocar por valores de débeda pública unha vez transcorrido o prazo de compensación de bases impositivas negativas previsto nesta lei, computado desde o rexistro contable de tales activos. No suposto de activos rexistrados con anterioridade á entrada en vigor desta norma, este prazo computarase desde a dita entrada en vigor. O procedemento e o prazo da troca estableceranse de forma regulamentaria.»

**Disposición derradeira terceira.** *Modificación da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.*

Modifícase a disposición adicional trixésimo sexta da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, que queda redactada como segue:

«Trixésimo sexta. *Instrumentación da ampliación do prazo para o reintegro das liquidacións negativas do sistema de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía correspondentes a 2008 e 2009.*

Un. Durante o ano 2012 o ministro de Facenda e Administracións Públicas, por solicitude das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, presentada no prazo dun mes a partir da publicación da presente lei, poderá establecer e aplicar un mecanismo financeiro extraorxamentario co obxectivo de estender a 120 mensualidades iguais, que se computará a partir do 1 de xaneiro de 2012, o adiamento do saldo pendente de reintegro na citada data das liquidacións do sistema de financiamento dos anos 2008 e 2009, adiadas en aplicación da disposición adicional cuarta da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Dous. Para a aplicación a unha comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía do mecanismo financeiro sinalado deberá terse acordado previamente o plan de axuste previsto na normativa reguladora en materia de estabilidade orxamentaria e sustentabilidade financeira e nos acordos da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos que regulan os mecanismos extraordinarios de financiamento.

Tres. No acto polo cal se determina a aplicación do citado mecanismo financeiro á comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía solicitante conteranse, entre outros aspectos, o calendario de pagamentos e reintegros dos adiamentos concedidos e a referencia ao plan de axuste acordado.

Catro. O reintegro ou a cancelación dos anticipos contidos no mecanismo financeiro realizaranse mediante desconto nos pagamentos que realiza a Administración xeral do Estado en aplicación do sistema de financiamento.

Cinco. En todo caso, a aplicación deste mecanismo financeiro non producirá efectos na aplicación do sistema de financiamento, especialmente no que respecta aos artigos 20, 23, 24 e ao número 7 da disposición transitoria primeira da Lei 22/2009, do 28 de decembro.

Seis. A aplicación do indicado mecanismo terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2012.

O pagamento das contías correspondentes á aplicación deste mecanismo no ano 2012 realizarase por alícuotas partes mensuais desde a data de concesión deste mecanismo ata o final de ano. No resto do período, os anticipos e as súas cancelacións realizaranse por alícuotas partes mensuais coas excepcións establecidas nos puntos seguintes.

Sete. No suposto de que a comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía incumpra o obxectivo de estabilidade correspondente a calquera dos anos en que produza efectos o mecanismo financeiro, sempre que este incumprimento se determine entre os anos 2013 e 2016, producirase o reintegro ou a cancelación dos anticipos contidos nel nos meses que queden ata finalizar 2016 en importes mensuais iguais. Non obstante, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, mediante resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, poderá seguir aplicando a ampliación do dito prazo ata 120 mensualidades iguais sempre que así o solicite a comunidade autónoma e esta acredite o cumprimento das súas obrigas de subministración de información.

Oito. No suposto de que a comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía incumpra o obxectivo de estabilidade correspondente a calquera dos anos en que produza efectos o mecanismo financeiro, sempre que este incumprimento se determine a partir de 2017, producirase o reintegro ou a cancelación dos anticipos satisfeitos e pendentes de cancelación ata a data en que se declare o incumprimento, de forma inmediata. Non obstante, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, mediante resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, poderá seguir aplicando a ampliación do prazo ata 120 mensualidades iguais sempre que así o solicite a comunidade autónoma e esta acredite o cumprimento das súas obrigas legais de subministración de información.

Nove. A determinación do incumprimento do obxectivo de estabilidade, para os efectos desta disposición, producirase no momento en que o ministro de Facenda e Administracións Públicas eleve ao Goberno o informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e da regra de gasto do exercicio inmediato anterior a que se refire a normativa reguladora en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.»

**Disposición derradeira cuarta.** *Modificación da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito.*

Modifícase a Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, como segue:

Un. A alínea h) do número 4 do artigo 36 queda modificada nos seguintes termos:

«h) Os créditos transmitidos á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria non serán cualificados como subordinados no marco dun eventual concurso do debedor mesmo cando a Sociedade de Xestión de

Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria fose accionista da sociedade debedora.

Non obstante, se xa fose cualificado o crédito como subordinado con carácter previo á transmisión, conservará tal cualificación.

A Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria terá, respecto aos créditos adquiridos por ela despois da declaración de concurso, dereito de adhesión á proposta ou propostas de convenio que presente calquera lexitimado, así como dereito de voto na xunta de acredores.

O réxime previsto neste punto será tamén de aplicación a aqueles que, por calquera título, adquiren os créditos da Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, salvo que, con independencia das circunstancias da transmisión, xa concorran no adquirente algunha das causas de subordinación previstas no artigo 92.5º en relación co artigo 93 da Lei concursal, caso en que a cualificación dos créditos será a que proceda conforme as regras xerais.»

Dous. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 53, que quedan redactados como segue:

«1. Os fondos propios do FROB estarán constituídos polas dotacións establecidas para o efecto nos orzamentos xerais do Estado. Así mesmo, poderanse incrementar estes fondos propios a través da capitalización de préstamos, créditos ou calquera outra operación de endebedamento do FROB en que a Administración xeral do Estado figure como acreedora.

2. Adicionalmente, para o cumprimento dos seus fins, o FROB poderá captar financiamento emitindo valores de renda fixa, recibir préstamos, solicitar a apertura de créditos e realizar calquera outra operación de endebedamento.

Os recursos alleos do FROB, calquera que sexa a modalidade da súa instrumentación, non superarán o límite que para o efecto se estableza nas leis anuais de orzamentos xerais do Estado.

3. O patrimonio non comprometido do Fondo deberá estar materializado en débeda pública ou noutros activos de elevada liquidez e baixo risco. Calquera beneficio devindicado e contabilizado nas súas contas anuais se ingresará no Tesouro Público.»

Tres. Suprímese o parágrafo primeiro da disposición adicional primeira que queda redactada como segue:

«Para efectos de liquidar a participación do Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito no Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, pola achega que realizaron os fondos de garantía de depósitos en establecementos bancarios, caixas de aforros e cooperativas de crédito na constitución do Fondo, en virtude do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, terase en conta o patrimonio neto resultante das contas anuais correspondentes ao exercicio 2011.»

Catro. Suprímese a disposición derradeira vixésimo primeira.

**Disposición derradeira quinta. *Habilitación competencial.***

1. O Goberno poderá ditar as normas regulamentarias necesarias para o desenvolvemento do disposto neste real decreto lei.

2. Sen prexuízo do previsto neste real decreto lei, o Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores poderán facer uso das opcións atribuídas ás autoridades competentes nacionais no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño.

**Disposición derradeira sexta.** *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2013/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e á supervisión prudencial das entidades de crédito e das empresas de investimento, pola que se modifica a Directiva 2002/87/CE e se derrogan as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE.

**Disposición derradeira sétima.** *Título competencial.*

1. Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto nas regras 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre as bases da ordenación do crédito, banca e seguros e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

2. As modificacións de textos legais rexeranse polos títulos competenciais expresados nas normas obxecto de modificación.

**Disposición derradeira oitava.** *Entrada en vigor.*

1. Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Sen prexuízo do previsto no punto anterior, as disposicións seguintes serán exixibles ás entidades a partir das datas que se sinalan a seguir, debendo estas dar cumprimento con antelación a todos os requirimentos legais ou estatutarios necesarios para cumprir nas datas indicadas:

a) As disposicións contidas no artigo primeiro.un, segundo.un, terceiro.un e a disposición adicional cuarta serán exixibles a partir do 1 de xaneiro de 2014.

b) As disposicións contidas nos artigos primeiro.catro e terceiro.dous serán exixibles a partir do 30 de xuño de 2014.

Dado en Madrid o 29 de novembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en funcións,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN